

## PROPOSTAS DE ACTIVIDADES EN PRIMARIA

### 1) CUESTIONARIO PARA ANALIZAR O CLIMA DE VIOLENCIA NA AULA DE

#### PRIMARIA

Alumno/Alumna:.....

Curso:.....

Vouche preguntar como se levan os nenos e nenas da túa clase, é dicir:  
¿Como é a relación dos compañeiros e compañeras da túa clase, entre ele/as e contigo?

¿Que problemas ves ti?

¿Que aspectos che gustaría mellorar? Contesta con sinceridade e non temas que a túa opinión lla contemos a ninguén, pois nos interesa o grupo da clase, non os nenos e as nenas concretos/as.

¿Hai pelexas dentro da túa clase?

NADA -UN POUCO - MOITO

¿Hai nenos ou nenas que se senten mal dentro da túa clase porque se meten con eles/elas ou non lles deixan xogar?

NON HAI –ALGÚNS- MOITOS.

¿Coñeces ti algún caso?

¿Hai nenos ou nenas que molestan aos demais na túa clase?

NON HAI- ALGÚN – MOITOS.

¿Coñeces ti algúns ou algunhas?

Se un compañeiro ou compañeira de clase está triste, ¿ti farías algo?

SI - NON

¿Que farías?

- Dicirllo á mestra ou mestre – Axudalo/a - Xogar con el/ela - Preguntarlle que lle pasa – Animalo/a

Se un compañeiro ou compañeira non te deixa xogar, ¿que fas ti?

### 2) OS XOGUETES... ¿A QUE XOGO?, ¿QUE APRENDO?...

Fala coa túa nai, pai ou calquera outra persoa que te coñeza, sobre aquilo ao que xogabas cando eras pequeno/a e qué xoguetes che gustaban máis. Completa o seguinte cadro.

#### Cando era un bebé

¿A que xogaba?

¿Que xoguetes tiña?

¿Que aprendía?

**Cando empecei a ir ao “cole”**

¿A que xogaba?

¿Que xoguetes tiña?

¿Que aprendía?

**Agora**

¿A que xogas?

¿Que xoguetes téis?

¿Que aprendes?

**A VIOLENCIA TAMÉN SE APRENDE XOGANDO.**

**Completar esta actividade cunha carta ás nais e aos pais onde se suxira un axeitado consumo de xoguetes e orientacións sobre o que potencian determinados xogos.**

**3) O SEXISMO.**

O sexismo designa as actitudes que introducen desigualdade e xerarquización por razón de sexo negando á muller privilexios, polo simple feito de ser muller e achacándolle características negativas. Pode manifestarse na forma de abuso psicolóxico na parella. O mesmo se aplica á raza, en tal caso, o abuso chámase racismo.

Actividades

Escribir na pizarra as seguintes afirmacións:

As mulleres son unhas choromicas.

As mozas son parvas.

As mulleres só saben coidar da casa.

As nenas non pelexan porque non poden.

As mulleres quítanlle o traballo aos homes.

– Preguntar á clase por quendas de palabra, tomando unha frase ou toda a lista, se é verdadeiro ou falso, sen máis discusión.

Escribir na pizarra puntuacións con V o F e facer o relato.

\_ Ir desmontando unha a unha as afirmacións, a través de exemplos concretos e do diálogo entre os que partían de posicións enfrontadas.